As mulleres da Terra

Intro e estrofas **Am – F – C – G** | Pre-retrouso **F – G – Am – E7**
Retrouso **C – G – Am – F** | Peche **F – G – Am – E7 – Am**

Intro
Am – F – C – G (x2)

Estrofa 1
Am
Nacín coa forza do vento
F
co sal prendida na pel,
C
ben cedo aprendín na vida,
G
ninguén manda no meu ser!
Am
Teño as mans feitas de pedra,
F
contaba aquela muller,
C
teño os ollos xa ben fartos,
G
melhor hai cousas non ver!!
Am
Nas cinco esquinas do mundo
F
vai camiñando o meu pé,
C
levo historias nas feridas
G
que a chuvia non pode ver.

Estrofa 2
Am
Son mareas de lembranzas
F
que regresan outra vez,
C
son as voces que me empurran
G
a quedar e a pertencer.
Am
Ese berro que arrecende,
F
moi preto á beira do mar,
C
eran voces que aínda escoitas,
G
meigas eran do lugar!
Am
Houbo noites sen estrelas,
F
houbo días sen cantar,
C
mais elas seguían ergueitas,
G
non as podían parar…

Retrouso
C
Poden pecharnos as portas,
G
poden esquecer de Nós,
Am
poden finxir que non somos,
F
mais seguimos sendo Nós,
C
Hai mulleres nesta terra,
G
na memoria e no suor,
Am
nas historias que nos deixan
F
latexando o corazón.

Estrofa 3
Am
Hai pedras que gardan nomes
F
que o tempo quixo afogar,
C
tamén voces baixo a leira,
G
que non se deixan calar.
Am
Porque cando o vento soa,
F
fraga, souto e piñeiral,
C
voltan as mans silenciadas,
G
a falar neste lugar!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Estrofa 4
Am
Elas agardan no porto,
F
dos que marchan cara ao mar,
C
vida dura, vida chea,
G
que ninguén puido dobrar.
Am
Aprendín da Rosalía,
F
que as tristuras fan cantar,
C
que hai pobos que nunca morren,
G
pois teñen o seu falar!

Retrouso
Repite o retrouso completo.